## II. AUTORIDADES E PERSOAL

## B) NOMEAMENTOS

### AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2018 pola que se fai pública a composición da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) consonte o disposto nos seus estatutos.*

O artigo 23 dos estatutos do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), aprobados polo Decreto 6/2018, do 11 de xaneiro, establece que a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) estará constituída polo seu presidente ou presidenta, a directora ou director do consorcio, que asistirá as xuntanzas con voz e sen voto, e oito vogais elixidos polo Consello Reitor, nomeados pola presidenta ou presidente deste, seis dos cales serán nomeados de entre destacados membros da comunidade académica e científica nacional ou internacional, un será nomeado de entre destacados membros do ámbito profesional ou empresarial galego, con recoñecida experiencia e traxectoria en materia de avaliación universitaria, e outro será nomeado de entre o estudantado das universidades do SUG integrantes do consorcio.

O punto terceiro do citado artigo establece que os vogais da CGIACA serán nomeados por un período de catro anos, e que se procederá cada dous anos á renovación da metade dos vogais académicos.

Unha vez transcorrido o mandato de catro anos para tres dos vogais académicos da CGIACA, na xuntanza do Consello Reitor da ACSUG do 23 de xullo de 2018, elixíronse tres novos vogais académicos, así como un vogal estudante e un vogal representante do ámbito profesional ou empresarial galego. Todos eles foron nomeados pola presidenta da ACSUG.

Constituída a CGIACA, en xuntanza extraordinaria do 10 de setembro de 2018, e de conformidade co disposto no artigo 24 dos estatutos da ACSUG, nomeouse ao secretario desta comión.

De conformidade co establecido no punto 2 do artigo 23 dos estatutos da ACSUG a composición da CGIACA deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia.*

CVE-DOG: j6isb6s0-06s2-vca3-se32-ras5vm6fvq24

Polo exposto, faise pública a composición da citada comisión:

Presidente: Miguel Ángel Santos Rego, catedrático de Teoría e Historia da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

– Ana María Pita Grandal, catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo. Vogal académica.

– Natalia Álvarez Lata, profesora titular de Dereito Civil da Universidade da Coruña. Vogal académica.

– Luis Muñoz López, catedrático de Química Orgánica da Universidade de Vigo. Vogal académico.

– María Álvarez de la Granja, profesora titular de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela. Vogal académica.

– Juan Touriño Domínguez, catedrático de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores da Universidade da Coruña. Vogal académico.

– Consuelo Ferreiro Regueiro, profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela. Vogal académica.

– Óscar Moldes Pita, alumno da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo. Vogal estudante.

– Francisco Domínguez Martínez. Asesor da presidencia do Grupo Televés. Vogal en representación do ámbito profesional e empresarial galego.

– José Eduardo López Pereira, director da ACSUG. Vogal con voz e sen voto.

Secretario: Francisco Rico Rey, técnico da ACSUG. Secretario da CGIACA con voz e sen voto.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2018

María Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

CVE-DOG: j6isb6s0-06s2-vca3-se32-ras5vm6fvq24